MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ CAMPOS (1 para 1)
Técnica de Cultura e Xuventude
Data de Sinatura: 22/07/2022
HASH: 7c942e008af1d37dffbf1b68d81b2e96

CAMPIONATO DE XADREZ "PROMOCIÓN CABALO" (Torneo Informal)

PRIMEIRA.- Obxecto

Convócase o Campionato de "Xadrez. Promoción Cabalo (Torneo Informal)" co obxectivo de fomentar a participación e convivencia dos veciños e veciñas durante as actividades do verán.

SEGUNDA.- Participantes

Establécense unha única categoría (categoría absoluta) para os e as participantes, que deben ter mínimo 7 anos cumpridos no momento no que se realiza o campionato.

A participación levarase a cabo **individualmente,** tendo preferencia as persoas inscritas no **Curso de Xadrez** que se desenvolve dentro do programa "Verán Cultural", así como as persoas **empadroadas no Concello de Cuntis**. Ademais disto, establécese un límite de **22 participantes**.

Se o ou a participante é menor de idade deberá contar coa autorización pertinente da súa nai, pai ou representante legal.

TERCEIRA.- Inscricións e prazos

Inscricións

A inscrición no campionato é gratuíta. Para participar é preciso entregar unha solicitude, debidamente cumprimentada, a través dalgún destes medios:

-No **Rexistro do Concello** (Praza da Constitución s/n, 36670 – Cuntis – Pontevedra, en horario de 9:00 h a 13:30 h).

-Por medio da **Sede Electrónica** a través dunha instancia xeral (https://concellodecuntis.sedelectronica.gal), na que se incluirá o ANEXO I debidamente asinado.

A solicitude (ANEXO I) e as presentes bases poderán descargarse na Páxina Web do Concello ou recollerse na O.M.I.X. (lugar co que deben contactar en caso de dúbidas), localizada no Centro Sociocultural e Xuvenil José Raído "Patelas" (Rúa Xohán Xesús González, nº 10) en horario de atención ao público (de luns a venres de 9:00 h. a 14:00h.) ou solicitalas ao correo omix@concellodecuntis.es.

Para confirmar a participación no torneo é imprescindible formalizar a inscripción ás 10:50 h. no lugar no que se realiza o campionato.

Prazos

O prazo de presentación das solicitudes (ANEXO I) será **dende a publicación destas bases ata o 1 de agosto**, nalgunha das formas anteriormente descritas.

CUARTA.- Lugar de celebración

A celebración deste campionato terá lugar na **Praza das Árbores** situada no Concello de Cuntis.

Cod. Validación: 4NK4JRTRSLM3PKCP9P3GJ2AE7 | Corrección: https://concellodecuntis.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3

QUINTA.- Data
O campionato levarase a cabo o sábado **6 de agosto de 2022 ás 11:00h.** Os/as participantes deberán acudir ao lugar mencionado no apartado anterior ás **10:50 h.** para formalizar a súa inscripción de maneira presencial. **Prégase puntualidade!**

SEXTA.- Probas
O campionato basearase no sistema suízo de xogo a 5 rondas. O tempo estipulado é de 10 minutos a *finish*.

SÉTIMA.- Premios
Concederanse os siguientes premios:
- Trofeos ás 5 primeiras persoas clasificadas.
- Trofeo á primeira clasificada feminina.
- Medallas a todas as persoas participantes.

Os premios entregaranse ao finalizar o campionato.

OITAVA.- Protección de datos.
Os datos subministrados polas persoas participantes serán tratados confidencialmente e recompilados nun ficheiro automatizado de datos de carácter persoal, sendo o Concello de Cuntis titular e responsable de dito ficheiro, con domicilio social na praza da Constitución, nº 4, e cuxa finalidade será a xestión do presente concurso e envío de información que puidese ser do seu interese. Con este consentimento tamén acepta o envío de comunicacións por correo electrónico e posteriores comunicacións referidas a este Concurso, así como o uso de imaxes obtidas en actos relacionados cos premios. O Concello de Cuntis garante o cumprimento íntegro da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal no tratamento dos datos persoais recollidos no presente CONCURSO, en especial polo que se refire á atención do exercicio dos dereitos de información, acceso, rectificación, oposición e cancelación de datos persoais das persoas concursantes.

NOVENA.- Publicación.
Estas bases publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello, na páxima web municipal e nas redes sociais.

DÉCIMA.- Condicións de participación
A participación neste campionato implica a total aceptación das presentes bases, así como a decisión da Organización nos casos non previstos nas mesmas.

O Concello de Cuntis resérvase o dereito a realizar os cambios oportunos que poida considerar necesarios para o correcto funcionamento do campionato.

Cod. Validación: 4NK4JRTRSLM3PKCP9P3GJ2AE7 | Corrección: https://concellodecuntis.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3

ANEXO I
INSCRICIÓN **" CAMPIONATO DE XADREZ. PROMOCIÓN CABALO (Torneo Informal)"**

- **Persoa participante:**

Nome e apelidos……..

DNI……Data de nacemento…….

- **Representante legal (só no caso de que a persoa participantes sexa menor de idade)**

Nome e apelidos do/a responsable……

Teléfono……DNI……..

Enderezo……..

AUTORIZA Á/AO ARRIBA INSCRITA/O PARA A PARTICIPACIÓN NO "CAMPIONATO DE XADREZ. PROMOCIÓN CABALO."

Con esta inscrición comprométome a participar e aceptar as Bases do "CAMPIONATO DE XADREZ. PROMOCIÓN CABALO."

Cuntis, ...de ..... de 2022
Ado:

PROTECCIÓN DE DATOS. Os datos subministrados polas persoas participantes serán tratados confidencialmente e recompilados nun ficheiro automatizado de datos de carácter persoal, sendo o Concello de Cuntis titular e responsable de dito ficheiro, con domicilio social na praza da Constitución, nº 4, e cuxa finalidade será a xestión do presente sorteo e envío de información que puidese ser do seu interese. O Concello de Cuntis garante o cumprimento íntegro da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal no tratamento dos datos persoais recollidos no presente CONCURSO, en especial polo que se refire á atención do exercicio dos dereitos de información, acceso, rectificación, oposición e cancelación de datos persoais das persoas concursantes.
Se non autoriza que se inclúa a súa imaxe nas fotografías que se realicen durante a actividade programada e a súa posterior publicación nas páxinas web do Concello: www.concellodecuntis.es / www.facebook.com/omixc/ www.facebook.com/turismodecvntis / www.instagram.com/omixcvntis . Sinale este recadro ☐

Cod. Validación: 4NK4JRTRSLM3PKCP9P3GJ2AE7 | Corrección: https://concellodecuntis.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3